

Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación¹

Blanca-Ana Roig Rechou

RESUMO Comézase o traballo falando da ausencia da literatura infantil e xuvenil en galego até os derradeiros anos do século XIX, dos atou- tiños nas publicacións periódicas nese século e da aparición dos primeiros casos na primeira metade do século XX. Logo fálase de como, pouco e pouco, a partir da década dos sesenta, comenza- ron a funcionar todos, ou case todos, os axentes que participan na configuración dun sistema literario, de aí que se poida falar nesa década do sesenta de *transición* e na dos setenta de *afianzamento*, iniciándose a *consolidación* na década dos oitenta. No percorrido incídese nos aspectos máis salientábeis da mediación, produción e recepción para así analizar como se configurou o sistema literario infantil e xuvenil galego.

ABSTRACT The article begins by noting the lack of any children's literature in Galician until the end of the 19th century, the first fruits in the peri- odical publications of that century and the appearance of the first examples proper in the first half of the 20th. The author then notes that, starting in the 60s, all, or nearly all, the agents that make up a literary system are gradually put in place, making this decade there- fore one of transition, the 70s one of establishment, and the 80s one of consolidation. This overview examines the most salient aspects of mediation, production and reception, in order thereby to analyse the manner in which the literary system for children was constituted.

A Literatura infantil e xuvenil, entendida como un tipo de produtos litera- rios destinados a un receptor específico que condiciona fundamentalmente a forma, a lingua e os paratextos editoriais das obras que se dan ao prelo, non se

¹ Este traballo bebe e mesmo complementa algúns dos meus traballos anteriores sobre o tema, como é o caso de: (1994), *A Literatura Galega Infantil. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actua- lidade*, Teses en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, nº 578, Servicio de Publicacións e intercambio científico; 1996, "A literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950", *Boletín Galego de Literatura*, Nº 15-16, 1º e 2º semestres, pp. 77-105; 2002, "La literatura infantil y juvenil en Galicia", "A literatura infantil e xuvenil en Galicia" cap. 8, en *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción, A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*, A Coruña: Hércules ediciones, pp. 382-501.

iniciou até finais do século XVIII ou do XIX nos países desenvolvidos e con estado propio. Aínda así, a súa produción non tivo consideración social até o século XX, como o demostra a súa tardía aparición como materia de estudo e investigación. En Galicia, onde non existiu até ven avanzado o século XX, houbo que esperar a década dos oitenta para podermos falar de consolidación. Con anterioridade tan só podemos referirnos a inicios e afianzamento.

Época Medieval

Para explicar ese proceso tan alongado e tendo en conta a produción, mediación e recepción na análise, comezaremos recordando que na Época medieval, aínda que non queiramos considerala a época de nacemento da literatura infantil e xuvenil, debido a que o neno era considerado un adulto en miniatura, a lingua e a cultura galegas estaban en pé de igualdade coas demais linguas romances en formación e mesmo a súa lingua literaria, o galego-portugués, gozaba de gran prestixio, como o demostrou o feito de que escribisen naquela *koiné* literaria non só os trobadores galegos senón tamén os estremeños, andaluces, etc., como deixou escrito, no século XV, o Marqués de Santillana na sonada *Carta probemio al Condestable don Pedro de Portugal*. Polo tanto neste momento a literatura galega contaba cun *corpus* literario moi próximo ao doutras literaturas romances en período de constitución e en consecuencia a infancia e adolescencia poderían gozar dalgunha cantiga tanto profana coma relixiosa, das narracións recollidas en *Os miragres de Santiago*, dos relatos que constitúen a denominada materia de Bretaña ou dos que rememoraban a guerra de Troia, entre outros, pois todos eles podemos consideralos textos ambivalentes, no sentido que lles dá Zohar Shavit², e polo tanto cada lector, sobre todo oínte, acolleríase ao que entendese segundo a súa enciclopedia³. Hai que ter en conta que moitos destes textos, se se diferenciase na época medieval o mundo infantil do adulto, constituirían sen dúbida o *corpus* primario, xunto coa literatura de transmisión oral, da literatura infantil e xuvenil galega, pero sabemos que naquela época non se daba esta diferenciación como se pode ver na iconografía e no sistema educativo do momento, entre

² *Poetics of Children's Literature*, Georgia: University Press of Georgia, 1986, cp. "The Ambivalent Status of Texts", pp. 63-92.

³ GLIFO (Anxo Tarrío, F. Cabo Aseguinolaza, Arturo Casas, A. Abuín González, Darío Villanueva e Blanca-Ana Roig Rechou), *Diccionario de termos literario a-d, e e-h*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/ Xunta de Galicia, 1998 e 2003.

outras manifestacións, aínda que todos os textos citados constituían a cerna do discurso literario infantil e xuvenil do futuro.

Séculos XV-XVIII

Neste período, unha época na que comezaron a emerxer estas literaturas en moitos países⁴, debido a que se pasou a considerar ao neno como un adulto por chegar e polo tanto por educar de forma diferenciada, Galicia entrou nos chamados Séculos escuros, un período que se inicia simbolicamente no 1483 e no que nada ou case nada se produciu literariamente en lingua galega. Só podemos referirnos para os nosos fins, e xa moi a finais do período, ás recompilacións dos materiais de transmisión oral e ás proclamas realizadas por algúns intelectuais denunciando a falta de atención á lingua galega no ensino, como o fixeron, entre outros, o Padre Feijóo (1676-1764), que protestou por considerar o galego un dialecto ou unha corrupción do castelán e non un idioma equiparábel a el en todos os aspectos; ou o padre Sarmiento (1695-1772), quen no seu tratado da *Educación de la Juventud* (1768), como se pode ver hoxe nas edicións que das súas obras realizou J.L. Pensado, di:

143

No acabo de admirar la bárbara tiranía de enseñar a los niños gallegos el latín por medio de la lengua castellana: así todo niño, solo por su lengua nativa, debe estudiar el latín; lo demás es necesidad (*Discurso del método*)

Así que el niño sabe leer, escribir y algo contar, le han de dedicar a que aprenda su lengua vulgar nativa con toda la extensión posible, la castellana si es castellano, o la gallega, si es gallego; y si es gallego, sin acordarse, para maldita la cosa ni de la castellana, ni de la latina, ni de la francesa, ni de la italiana ni de otra cualquiera lengua que no ha mamado (*La educación de los niños*).

⁴ Recórdense obras como *Les aventures de Télémaque* (1694, novela de aventuras con intención educativa), de François (de Salignac de la Mothe) Fenelon (1651-1715); *Histoires ou contes du temps passé, avec les moralités. Contes de ma mère L'Oye* (1697), de Charles Perrault (París 1628-1703); *Magasin des Enfants* (1757), de Jeanne Marie Leprince de Beaumont (Madame de Beaumont, 1711-1780); e as primeiras novelas de aventuras ambivalentes que pronto pasaron a engrosar o corpus literario infantil e xuvenil: *Robinson Crusoe* (1719), de Daniel Defoe (1660-1731), *Gulliver's Travels* (1726), de Jonathan Swift (1667-1745). Todas elas exercerán a súa influencia sobre as obras escritas con posterioridade.

Século XIX

A comezos deste século e nos primeiros anos do XX pouco se avanzou no ámbito galego en relación aos séculos anteriores a pesar de que é a época do primeiro Rexurdimento, moi produtivo noutros aspectos literarios e culturais para Galicia. Só podemos referirnos para os nosos fins a un conxunto de materiais de transmisión oral e a algún que outro conto, dirixido sobre todo a ese outro receptor⁵, mediador, para que llos contase ou lese a unha nenez analfabeta en lingua galega. Estas manifestacións viron a luz tanto nas escritas enteiramente en galego: *O Tío Marcos da Portela* (1876), *A Monteiro* (1889), *A tía Catuxa* (1889), entre outras, coma nas escritas en castelán que acollían traballos en lingua galega, como foi o caso de *Revista Gallega* (1895-1907), e sobre todo *Galicia Recreativa* (1890), una revista na que, como poden ver neste mesmo *Monográfico*, publicou Amador Montenegro Saavedra (Santiago de Compostela, 1864-Lugo, 1932) dous contos titulados “As formillas” e “Polos niños (Escena infantil)” de marcado ton costumista e realista moi na liña de moita da produción do momento noutras linguas. Neles móstrase a situación do sistema educativo. Faise con espírito crítico e ironía retomando as posturas que xa se iniciaran no século XVIII.

144

Amador Montenegro Saavedra publicou ademais, en 1892, *Fábulas i-epigramas* e, en 1897, *Fábulas galaico-castellanas* coas que semellaba querer introducir dende a lingua galega este tipo de composicións nas escolas, pois no momento só se usaban a partir da lingua castelá, lingua meta de fábulas escritas orixinariamente nas linguas propias de Esopo, Fedro, La Fontaine, aínda que tamén se achegasen recreacións ou versións orixinais por parte de Iriarte e Samaniego, por exemplo. Esta preocupación sobre o modelo escolar levou-no a realizar un traballo reflexivo sobre o polifacético mestre catalán Apelles Mestres.

Tanto Amador Montenegro Saavedra coma outros responsábeis de publicacións e actividades varias, como por exemplo Galo Salinas ou Manuel Murguía⁶ trataron de poñer en marcha os ideais do Rexurdimento. Entre eles, é de salientar o intento de crear un lectorado en lingua galega, pois a situación

⁵ Gemma Lluch, *Análisis de narrativas infantiles y juveniles*, Cuenca: Ediciones de la UCLM, col. Arcadia, 2003.

⁶ Vicente Peña e Manuel Fernández González, *Estudios introductorios e edición: La primera luz, de Manuel Murguía* (Lugo: Imprenta Soto Freire 1868), Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000.

a finais de século, como deixou dito Rosalía de Castro, podería resumirse no seguinte: “As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estes versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo para eles”⁷.

Este abandono, referido ás publicacións dirixidas á nenez e mocidade, entre outros que incidiron directamente na produción canónica, deuse no momento en que as literaturas infantís e xuvenís doutros países, unha vez asentadas as súas linguas, o seu sistema de ensino, a súa industria editorial, o desenvolvemento dun mercado, etc., comezaron a se consolidar, a dar ao lectorado uns produtos literarios que inauguraron tendencias, que continuaron as xa practicadas e que máis tarde foron referencia e polo tanto influíron decisivamente naquelas outras literaturas que naceron con posterioridade⁸. Hai que recordar, polo que afecta á literatura infantil e xuvenil galega, que foi este o período no que se fixo obrigatoria no ensino a lingua española por medio da Ley Moyano (1857) e con ela comezouse o cambio da lingua oral pola escrita e polo tanto o afianzamento da lingua castelá como lingua culta e o comezo do esquecemento da lingua galega, e tamén do autoodio dos falantes cara a unha lingua que só lle servía para as relacións familiares, non para as sociais.

⁷ “Dúas palabras da autora”, *Follas Novas*, 1880 (Ver ed. Xerais, 1990, p. 113).

⁸ Foi o caso de *Alice's adventures in Wonderland* (1865, *Alicia no país das maravillas*, traducida ao galego no ano 1984), de Lewis Carroll (pseudónimo de Charles Lutwidge Dodgson, 1832-1898), unha obra que se converteu en punto de referencia imprescindible e na que se mesturaba a fantasía, o realismo e o absurdo, rompendo así coa tendencia didáctico-realista que reinaba até este momento e que continuará pero achegando técnicas novas; *Le avventure di Pinocchio* (1883), de Carlo Collodi (1826-1890), pseudónimo de Carlo Lorenzini; *Peter Pan* (1904), de James Mathew Barrie (1860-1937); ou aquelas que seguen a tendencia comezada por Perrault: *Kinder und Hausmärchen* (1812, *Contos da infancia e do fogar*, traducidos ao galego, unha parte, xa no 1983), dos Irmáns Grimm, Jacob (1785-1863) e Wilhelm (1786-1859); Os contos de Andersen (1805-1875) publicados entre 1835 e 1872 e dos que xa temos algunha mostra en galego dende 1983; ou as que se insiren na denominada tendencia realista-costumista como: *Les Petites Filles Modèles* (1857) e unha longa serie de títulos de Sofia Rostopchine, condesa de Segur (1799-1874); *Heide* (1881), de Johanna Spyri (1829-1901); ou aquelas pertencentes ao denominado realismo-social sentimental: *Oliver Twist* (1837), de Charles Dickens (1812-1870); *Cuore* (*Corazón*, 1886), de Edmundo de Amicis (1846-1908); ou as novelas históricas ao estilo de *Ivanhoe* (1820), de Walter Scott (1771-1832); ou as novelas de indios como *O derradeiro dos mohicanos* (1826), de Fenimore Cooper (1789-1851); as de ficción científica (Jules Verne, 1828-1905), as novelas de aventuras, como por exemplo, *A illa do tesouro* (1883), de Robert Louis Stevenson, 1850-1894, entre outras moitas que seguen calquera das tendencias citadas, sen esquecer a Selma Lagerlöf (1858-1940) e a súa obra *Nils Holgerssons underbara resa genom sverige* (1906, *A marabillosa viaxe de Nils Holgerson a través de Suecia*), obra na que o didáctico e o recreativo aparecen excelentemente ensamblados, logrando cotas de alta calidade que permitiron que a xente nova de todo o mundo chegase a coñecer parte da xeografía, historia e costumes de Suecia.

Século XX

Houbo que esperar a que comezase o século XX e sobre todo a época que Anxo Tarrío denominou Época Nós (1916-1936)⁹ para ver publicadas as primeiras mostras en volumes realizados con intención de se dirixir aos destinatarios máis novos, algúns deles receptores. Foron posíbeis grazas ás iniciativas educativas que xurdiron neste momento ao abeiro da Real Academia Gallega e, sobre todo, do ambiente socio-político-cultural que propiciaron as Irmandades da Fala, creadas a partir de 1916, do Grupo Nós (1920) e do Seminario de Estudos Galegos (1923) que se preocuparon por apostar polos produtos literarios infantís e xuvenís e pola creación dun lectorado en lingua galega. Entre as actividades que se desenvolveron no momento neste camiño son de salientar un conxunto de publicacións como: *A Nosa Terra*, voceiro das Irmandades; a Revista *Nós*; coleccións de narrativa como “Lar” e “Nós”, etc., que unidas ao *Boletín* de la Academia Gallega (1906), permitiron seguir as preocupacións do momento e que produtos literarios se consumían na época.

Se deixamos a un lado todo un conxunto de factores que fixeron posíbel o nacemento da literatura infantil e xuvenil galega, como por exemplo:

146

- a posta en marcha da Escola do idioma, na Academia galega, onde se impartían clases da man de Manoel Lugrís Freire, asesorado polo académico Florencio Vaamonde Lores.
- a aparición de publicacións infantís de interese como por exemplo *El escolar*, periódico mensual de los niños (Ortigueira, 1905), *El Faro de Veiga* (1907), *La Infancia Gallega* (Rianxo, 1911) ou o *Catecismo de niños y niñas* (1915) da man de Celestino García Romero.
- a preocupación de Eugenio Carré Aldao por dotar de lecturas apropiadas á nenez, como se reflicte no traballo titulado *Cuento apropiado para la lectura de los niños de las escuelas* que presentou ao Certame sociolóxico-literario celebrado en Vigo o 8 de agosto de 1916, no que mereceu un accésit,
- o feito de que Antonio Couceiro Freijomil, Ignacio Herrera e Manuel Luís Acuña Sarmiento promovesen un “Concurso de contos proletarios” para que puidesen ler os nenos e servisen de materiais para as escolas.
- a renovación do ensino impulsada polos movementos pedagóxicos que constituíron a Escola Nova, a Institución Libre de Ensinanza e as Misións pedagóxicas, por exemplo.

⁹ *Literatura galega. Aportacións para unha Historia crítica*, Vigo: Xerais, 1994, 2ª ed. 1998.

– ou a introdución nas revistas do momento de contos, protagonizados maioritariamente pola nenez, con estruturas formais e textuais que se escapan das obras consideradas infantís, como foi o caso, por exemplo, de “No cume” ou “Neboeiro”, de Leandro Carré¹⁰, que posibelmente fosen do gusto da nenez pero non pensadas para ela e tampouco consideradas ambivalentes.

Para os nosos fins o máis importante deste período foi a creación das “Escolas do Ensino Galego” en 1923, anexas á Irmandade da Fala da Coruña, que pretendían poñer o escolar en contacto coa lingua galega ao lado da castelá; e tamén a revisión pedagóxica que propoñían nos seus traballos, entre outros, Victoriano Taibo, Vicente Risco (péñese no seu Plan Pedagóxico), o mestre Castiñeiras Díaz, Francisca Herrera Garrido, Manuel Gómez G. Barco, Francisco Fernández del Riego e o pedagogo Johan Viqueira¹¹, que buscaban formar literariamente e ensinar aos máis novos, considerados agora como obxectivo imprescindíbel para establecer elos entre xeracións e crear receptores.

Estes feitos animaron a aparición das primeiras publicacións periódicas e pedagóxicas, como foi o caso d’*As Roladas* (1922), revista realizada por Ramón Cabanillas dende Madrid para poñer á nosa infancia e mocidade en relación co país, a súa lingua e os seus costumes, e a publicación do primeiro método de lectura en galego, realizado pola mestra de Mourente (Pontevedra) Xosefa Iglesias Vilarelle¹² en 1932¹³, pero sobre todo fixo posíbel a aparición de obras literarias, que respondendo aos xéneros canónicos, permitiron a práctica da lectura e a distracción do novo lectorado que agora se iniciaba na lingua galega, aínda que o grupo fose reducido.

En narrativa, chegaron a nós dous contos infantís dirixidos aos nenos e nenas das escolas das Irmandades: *Margarida a do sorriso da aurora* (Nos, 1927),

¹⁰ Blanca-Ana Roig, “A literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950”, *Boletín galego de literatura*, n° 15-16, 1° e 2° semestre, pp. 77-105, 1996.

¹¹ Ver os primeiros números d’*A Nosa Terra*, por exemplo, e concretamente o traballo de Viqueira no n° 40-41, 30 de Nadal 1917, p. 2, T.I.

¹² Carmen Blanco, “Xosefa Iglesias Vilarelle e o primeiro Catón Galego”, *A Trabe de Ouro*, n° 13, xaneiro, febreiro, marzo, 1993, pp. 79-85.

¹³ Até o de agora nos libros escolares o galego non aparecía para nada, agás algunha excepción como por exemplo, *Anaquiliños* (Barcelona, 1942), de M. Fernández Novoa, no que aínda que se falaba de Galicia e as súas xentes en castelá tamén se reproducían algúns textos en galego.

de Evaristo Correa Calderón (Neira de Rei, Baralla-Lugo, 1899-Pobra de Trives, 1989)¹⁴, primeiro conto de fadas de autor con elementos novidosos en relación ao xénero e mesmo un resumo da tradición contística deste tipo. Un conto protagonizado por unha rapaza que chegará a ser a Raiña do Reino da Felicidade, unha innovación para o momento, e *Conto de guerra* (Nos, 1928), de Camilo Díaz Valiño (Ferrol, 1889-Coence, A Coruña, 1936), un conto moi unido aos de transmisión oral e cheo de elementos que queren facer ver cómo é o galego e o sentimento da terra¹⁵. Nestas obras as ilustracións, que funcionaban como paratextos non como parte integrante do texto, foron debidas a X(aime) P(rada) e ao propio Camilo Díaz Valiño, iluminaban escenas pero non permitían seguir o relato de forma visual na súa totalidade.

Tamén poderíamos referirnos á obra *Os menos* (1925), de Xosé Fernando Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996), que non pasou a engrosar o *corpus* infanto-xuvenil polo de agora, pero que debeu ser moi do gusto do poucoísimos lectorado co que se contaba, polo que di Vicente Risco na recensión que dela fai n' *A Nosa Terra* (Nº 219, 1 Nadal 1925), na que despois de valorar o conxunto temático, comenta que esta obra está constituída por

148

sinxelas amenísimas e breves narracións moi axeitadas para leren os nenos pola súa fácil comprensión

Posibelmente como esta obra foron usadas outras moitas: *Cousas* (1926-1929) ou *Retrincos* (1934), de A. D. Rodríguez Castelao, entre outras.

As obras citadas son unha pequena mostra doutras moitas que de seguro quedaron nos caixóns ou se distribuíron nun circuíto de comunicación literaria moi pechado, pois a través das revistas do momento coñecemos algunhas nas que se tiña en conta a psicoloxía, gustos, perspectiva da nenez, como foi o caso do propio Evaristo Correa, quen primeiramente publicou o conto anterior n' *A Nosa terra*, ou “Contos de reis”, de Leandro Carré (*A Nosa Terra*, nº 6, xaneiro 1917), que posibelmente se achegase máis á mentalidade infantil

¹⁴ Para coñecer pormenorizadamente a actividade deste intelectual activo e comprometido coa educación, véxase o libro dixital de Xulio Pardo de Neyra, *Evaristo Correa Calderón na literatura galega contemporánea. Vanguardismo e galeguismo*, Santiago: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, serie “Teses de doutoramento”, 2002.

¹⁵ Este *Conto de guerra* pode lerse hoxe no estudo que sobre o autor publicou José Antonio Durán (1990).

¹⁶ Hoxe no volume *Tres contos maravillosos*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, 2004.

que os citados anteriormente, ou “O Rei avarento”, de Vicente Risco¹⁶, publicado no proxecto “Contos para nenos” que impulsara Bernardino Varela do Campo, que hoxe sabemos que deu ao lume outros títulos¹⁷, ou “Contos dos nenos” unha sección que iniciara X. F. Filgueira Valverde en *A Nosa Terra*, entre outros. Moitos deles seguen a liña costumista xa practicada por autores decimonónicos como Amador Montenegro Saavedra, aínda que agora se incida máis en salientar o valor da escola, o seguir os consellos dos maiores, a tradición oral, a recorrencia a referencias culturais, mitos e símbolos identitarios e mesmo aos elementos fantásticos con intención de crear un imaxinario infantil propio, pois os autores eran conscientes da importancia desta literatura como transmisora de valores.

Tamén debemos ter en conta neste apartado toda unha serie de relatos e contos de transmisión oral que se recollían nas revistas e nalgunha monografía, aínda que visen a luz, nun primeiro momento, en publicacións non dirixidas a un destinatario infantil. Un conxunto de manifestacións que constitúen unha das tendencias que sempre se manterá nesta literatura e que denominarei “Recuperación e recreación dos contos de transmisión oral e da tradición literarias”

149

É de salientar a sección “Folk-lore” do *Boletín de la Academia Gallega*, na que se reproducen contos, ao lado de romances, cantares populares, refráns, adiviñas, etc.; ou as seccións “lendas galegas”, “tradicións” e “contos” d’*A nosa terra*. Nesta última publicación é de salientar a sección titulada “Fai moitos anos...”, a cargo de Augusto Barreiro, na que se poden ler moitos contos e que foi presentada así:

-Achegádevos, que á carón deste lume garimoso heivos d’ir contando cousas certas d’outros tempos, pra que vos lembredes d’as inxusticias qu’arriba dos nosos pais e nosos abós caíron.

Esto decía á vella de pelexos curtidos pol-o vento, queimados pol-o sol, ós netos que s’arrechegaban á ela, namentras n’a lareira ardían uns toxos e se quentaba ó caldo n’o pote pendurado da gramalleira (nº 3, 5 decembro 1916, páx. 7).

¹⁷ Xulio Pardo de Neyra relizou un traballo sobre este proxecto en “Entre o vangardismo e a conciencia nacionalista”, *Grial* 161, xaneiro, febreiro, marzo, 2004, p. 114 e 115.

Faise aquí unha clara referencia ao narrador oral dos contos folclóricos e, máis concretamente, dos contos maravillosos, deses contos que foron orixe do denominado conto infantil. Tamén hai que se referir ao “Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza” da revista *Nós*, onde se recollía un gran número de mostras de literatura de transmisión oral e mesmo Vicente Risco chegou a publicar o traballo “Ensaio d’un programa pró o estudo da literatura popular galega” (Nº 56, T. III, p. 42) para que servise de guía na recompilación de todo este material, e noutras revistas posteriores que seguiron este traballo e que non se perdeu até a época actual.

En canto á poesía, hai que dicir que foi este un xénero pouco cultivado a través dos tempos en calquera literatura. Aínda hoxe, ao falar de poesía infantil, dise que é o xénero esquecido. Por iso para estudiala, é preciso partir da lírica de transmisión oral coa que a infancia se sentiu sempre identificada e serviu para iniciala na lectura e no coñecemento das súas raíces e do seu contorno. Ademais este folclore infantil é a primeira experiencia literaria recibida polo oído infantil, pois está constituído polas cantigas de berce ou arrollos, polas cantinelas de botar sortes, de bater coas mans, cancións de roda e de corda, adiviñas, pequenos romances, disparates, burlas, mentiras, etc., unha serie de rimas e ritmos, de cantigas que transgreden os vocábulos comúns e provocan goce estético polo seu carácter lúdico. Dende este tipo de composicións é fácil chegar á poesía de autor. De aí que cando un poeta decide escribir para a infancia sabe que a súa poesía debe reunir todos os elementos que caracterizan tradicionalmente ao xénero: brevidade, polifonía, densidade semántica ou condensacións da expresión; transposicións, metáforas, personificacións, comparacións de termos coñecidos cos descoñecidos, xogos verbais, repeticións ou redundancias tanto sintácticas e morfolóxicas coma semánticas e fónicas.

Por todo o dito é lóxico que a primeira tendencia poética na poesía infantil e xuvenil sexa a lírica de transmisión oral, que conforma o chamado cancionero infantil. Nesta etapa este tipo de textos atopábanse, como vimos ao falar da narrativa, en publicacións paratextualmente non destinadas á infancia. Un bo exemplo desta lírica é “Cosas de niños” (*Boletín de la Academia Gallega*, 48, 20 xullo 1911, pp. 295-299), un traballo de Luís Tobio y Campos, un mestre que recolleu de boca dos escolares, en distintas comarcas, mostras de cancións e rimas que conforman o folclore infantil. Moitas eran as razóns, como vimos, que non permitían publicacións deste tipo en soporte adecuado, por iso, non se publicou en territorio galego ningún poemario dirixido á infancia

e mocidade. Foi no exilio, en Rosario (Arxentina) onde apareceu o primeiro poemario, *Cantigas de nenos*¹⁸, de Emilio Pita Romero (A Coruña, 1909-Bos Aires, 1981), un conxunto de poemas na liña da lírica de transmisión oral e nos que se canta o mundo máis próximo á infancia, á vez que se recordan as características diferenciadoras da terra.

En canto ao teatro, deixando a un lado consideracións acerca da literariedade ou non do xénero¹⁹, e atoutiños como foi o caso do sainete *Calabazas* (1881) e a peza bilingüe *El nombre de Jesús* (1886), de Manuel Lago González (Tui 1865-Santiago 1925), que, como indicou X. F. Filgueira Valverde²⁰, tentaban didacticamente facer propaganda da Compañía de Xesús, e doutras pezas de circunstancias que se editaron en publicacións periódicas, estreouse en 1932, e publicouse en 1936, *Agromar. Farsa pra rapaces*, de J. Acuña (pseudónimo de X. F. Filgueira Valverde), peza na que xoga un papel importante a dualidade aldea/cidade así como a idea de conservar o propio e de interiorizar o sentimento da terra. Neste mesmo ano, 1936, Álvaro de las Casas (Ourense 1901-Barcelona, 1950) publicou na imprenta Loroño de Noia, *Teatro dos nenos. Monólogos*, unha obra en verso composta por dúas paroladas “Medo” e “Os pecados”, nas que se fala da dura vida dos nenos da ribeira. Outras pezas viron a luz en revistas para que discentes e docentes representasen nos centros escolares e en lugares de reunión. Un bo exemplo foi “¡Pobre do pobre!”, de Ramón Alvariño (*A Nosa Terra*, 216, 1 setembro 1925).

Como se pode constatar, neste período só saíron a lume seis títulos, contando coa obra *Os nenos* (1925), de Filgueira Valverde, e, se diferenciamos por xéneros, só temos tres de narrativa, dous de teatro e un de poesía.

Estes produtos literarios precisaban de investigación e crítica para a súa difusión, para a súa análise, para que chegasen á sociedade lectora en xeral e á comunidade educativa en particular. Esta demanda foi respondida con prontitude, aínda que se poida considerar unha anécdota, polos intelectuais do momento, e así nas revistas citadas publicáronse os primeiros comentarios publicistas e descritivos deses títulos, e un número importantísimo de páxinas

¹⁸ Editorial Arayl, 1944.

¹⁹ Blanca-Ana Roig Rechou, “O Contexto”, en *Casares, Carlos, As laranxas máis laranxas de todas as laranxas. Versión e dirección de José Caldas*, Santiago: Xunta de Galicia/IGAEM, col. Centro dramático Galego, 2004, pp.38-105.

²⁰ Lago González. *Biografía y selección de su obra en gallego*. A obra *Calabazas* (1967), tamén se pode ler en *Lembranza de Lago González*, Vigo: Galaxia, 1973, obra realizada con motivo de lle ter dedicado ao arcebispo o Día das Letras Galegas nese ano.

destinadas a informar de cómo se estaban a recuperar os materiais de transmisión oral. Este exemplo, non foi seguido polos encargados da sistematización da literatura nas historias literarias que se publicaron ao finalizar o período ou no comezo do seguinte que só se preocuparon da literatura que constituía o centro do canon.

De 1950 a 1980

Este período despois da ruptura causada pola Guerra Civil e a inmediata posguerra, comezou cun feito de gran relevancia para a cultura galega: a creación en Vigo da Editorial Galaxia (1950). Acontecemento no que participaron ao lado dos galeguistas que estaban en Galicia os homes e mulleres que estaban na emigración ou no exilio, dende onde puxeron en marcha iniciativas culturais variadas para manter aceso o facho galeguista e servir de elo entre o galeguismo de anteguerra e o de posguerra, conscientes de que en Galicia, polo momento, non se podía manter aceso ese facho sen correr riscos irreparábeis. Este acontecemento unido a outros que se deron na década dos sesenta e setenta fixeron cambiar o panorama sociocultural galego.

152

Entre eles son de salientar:

- A dimensión social e pública que comezou a ter a lingua galega a pesar da ofensiva franquista; a institucionalización de actos insólitos até ese momento: “Día das Letras Galegas”, dende 1963; “Día da Patria Galega” (todos os 25 de xullo dende 1968).
- A volta a Galicia de homes do exilio, como por exemplo Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, fundadores, no ano 1960, do complexo de Sargadelos, onde naceu no 1963 Edicións do Castro; o reinicio da actividade da Editorial Celta, en Lugo (creada no 1938) e de pequenas empresas editoras como cartonajes Anni, El Eco franciscano, e xa ao finalizar o período a creación de Edicións Xerais de Galicia, xunto a outras editoras foráneas que comezaron a ofrecer títulos, ben en coedición ben autonomamente, como foi o caso de La Galera, Everest, Akal e Evergráficas.
- A aparición nas principais cidades galegas de Asociacións culturais de carácter progresista e galeguista que incidiron en diversos campos da cultura, como ocorreu por exemplo, con “O Facho”, na Coruña dende 1963; “Asociación cultural de Vigo”, dende 1965; “O Galo”, en Santiago, dende 1968; “Abrente”, en Ribadavia, dende 1969, entre outras.

Estas asociacións comezaron a realizar actividades que darán froitos inmediatos. Así “O Facho”, a partir do 1968, convocou o “Concurso Nacional de Contos Infantís en galego”, que pronto foi seguido pola convocatoria doutras modalidades: “Contos de nenos”, “Teatro infantil” e “Poesía infantil”²¹ e dende 1973 polo I Concurso de obras teatrais, convocado pola Asociación cultural “Abrente”.

– A publicación de revistas redactadas en galego. *Grial*, dende 1963; *Teima*, dende 1976 aínda que só durou dous anos; *A Nosa terra*, dende 1977, e dende o mesmo ano *Encrucillada, revista de pensamento cristián*, entre algunha máis que ía incorporando noticias sobre os acontecementos máis salientábeis que incidía na constitución do sistema literario infantil e xuvenil.

– O recoñecemento na Nova Lei de Educación (1970) da existencia das “linguas nativas” e a posibilidade “Facultade postestativa” do cultivo do galego en preescolar, feito que deu lugar a un interesantísimo debate, do que bebeu o Plan Galicia de Educación (1971). A creación da primeira cátedra de Lingua e Literatura galegas na Universidade de Santiago, dende 1965, e a introdución de materias de lingua e literatura galega nos planos de estudo da Facultade de Filosofía e Letras, e nos das chamadas por entón Escolas de Maxisterio, dende 1971; a creación do Instituto da Lingua Galega, no mes de maio de 1971, no seo tamén da Universidade compostelá; a oficialización do galego nos centros de ensino primario e secundario a partir de 1978.

153

Esta nova situación levou a que os homes e mulleres comprometidos con Galicia viran urxente dotar, en primeiro lugar, aos mestres e mestras de materiais para o ensino en galego. Así xurdiu o *Catón Galego* (1969), de Ben-Cho-Shey (pseudónimo de Xosé Ramón e Fernández Oxea, Ourense, 1896-Madrid, 1987), un método de lectura de tipo clásico: “do fonema á sílaba e da sílaba á palabra e á frase”, e outras publicacións pedagóxicas similares: *Lecturas galegas*, 1972, realizadas polos colaboradores do Instituto da Lingua Galega (ILGA), trinta pequenas lecturas construídas ao redor dunha palabra e dun debuxo; *Picariños*, 1975, un método de lectura e escritura en galego con vontade de ser instrumento de utilidade para as escolas; e, finalmente, os primeiros libros de texto cheos de fragmentos de obras literarias.

²¹ Eulalia Agreló Costas, “La labor de la Asociación cultural O FACHO dentro del programa de la literatura infantil y juvenil gallega”, Eloy Martos e alii, *Historia crítica de la literatura infantil y la ilustración ibéricas*, Cáceres: Ed. Regional, 2000, pp. 351-352.

Tamén se viu a necesidade de achegar publicacións periódicas á infancia. Son un bo exemplo o semanario infantil *Axóuxere*, publicación que saía todos os sábados nas páxinas do xornal ourensán *La Región* (dende o 13 de xullo do 1974 ao 18 de xaneiro do 1975), dirixido por Paco Martín e os ilustradores Xan Balboa e Ulises L. Sarry. Nel participaron moitos dos autores e autoras que conforman o *corpus* da Literatura infantil e xuvenil galega, como é o caso do propio director da revista ou de Neira Vilas, Manuel María, etc., como tamén o fixeron na revista *Vagalume* (1975-1978), publicación quincenal na que colaboraron tamén os escolares e na que pretendía “Poñer nas mans dos nosos educadores un material formativo en galego. Que interese aos escolares, de xeito que, anque estes adprenderan o mecanismo da lectura no castelán, atopen tamén un aguillón pra se esforzar en ler a súa propia linguaxe”.

Todas estas iniciativas animaron a produción para ese novo lectorado. Ao principio só podemos falar duns cantos títulos pero, pouco e pouco, cara aos derradeiros anos do período, e coa axuda das institucións, editoriais, asociacións e educadores, foron aparecendo bastantes obras que anunciaban o paso a un período máis frutífero, con afán de continuidade.

154

En canto á narrativa, nos comezos da década dos sesenta publicáronse dous títulos ambivalentes: *Memorias dun neno labrego* (Buenos Aires, 1960; Galicia, 1968), de Xosé Neira Vilas (Gres, Cruces, Pontevedra, 1928), unha obra realista que se desenvolve nunha aldea de Galicia, alá polos anos corenta, e na que o neno Balbino conta as súas experiencias, sentimentos e vivencias. Esta obra converteuse nun best-seller, pois dela fixéronse máis dunha vintena de edicións en galego e traducións a distintas linguas (castelán, chinés, ruso, checo, alemán, catalán, etc.). Seguiron a este título *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977) protagonizadas por nenos amigos de Balbino, nenos do medio rural que reflexionan sobre a emigración, a guerra civil, etc. As semellanzas levaron á crítica a falar dunha triloxía que se denominou “ciclo do neno”, pasando así estas obras a engrosar o *corpus* da Literatura infantil e xuvenil galega, un ciclo moi exitoso con varias edicións. Estas obras están ilustradas con debuxos que podemos denominar de autor, moitos deles adaptados á narración pero non pensados para unha lectura visual dela.

O outro título ao que nos referíamos foi *Contos populares da provincia de Lugo*, que apareceu no 1963 da man de Ricardo Carballo Calero. Foi publicado pola Editorial Galaxia e tamén foi moi ben acollido polo lectorado, sobre

todo polos mestres e mestras máis implicados na renovación pedagóxica, que vían nel unha forma de achegar o alumnado galego ás súas raíces. Non estaba dirixido ao público infantil pero retomaba a tendencia a valorar a literatura de transmisión oral, que planará sempre sobre a literatura infantil.

Pero o máis importante cara á formación do sistema literario infantil e xuvenil en galego foi a aparición das primeiras coleccións de contos infantís, produto dunha nova visión dos responsábeis das editoras implantadas en Galicia que agora comezaban a se preocupar por conseguir un fondo dirixido á infancia e adolescencia. Para responder a esta necesidade os responsábeis de Galaxia iniciaron unha actividade cooperadora coa Editorial La Galera, creada en Barcelona no 1963, un fito importante da Literatura infantil en España, coa que intentaban cubrir a gran deficiencia editora nunha Galicia na que faltaba infraestrutura editorial e un lectorado que reclamase produtos literarios. Esta cooperación comezou pola coedición-tradución de dúas coleccións: “A Galea de Ouro” e “Desplega-velas”, dirixidas pola pedagoga catalá Marta Mata. Na primeira delas “A Galea de ouro”, contábase con publicar once títulos, pero só viron a luz *O abeto valente* (1966), do escritor catalán Jordi Cots, ilustrado por Maria Rius e *O globo de papel* (1966), da escritora catalá Elisa Vives, ilustrado por Fina Rifa, ambos os dous traducidos pola escritora galega Xohana Torres. As anécdotas que se contan nestes dous volumes, destinados ao lectorado autónomo, teñen moito que ver co realismo crítico moi presente na literatura catalá do momento.

155

Na segunda colección citada “Desplega-velas” ocorreu algo parecido ao comentado, os títulos prometidos foron dezaioito pero só se publicaron dúas traducións: *Unha nova terra* (1967), de Francisco Candel, ilustrado por Cesc, e *Todos os nenos do mundo seremos amigos* (1967), de Eulàlia Valeri, con debuxos de Asun Balzola, tamén estes títulos que reproducen anécdotas protagonizadas por nenos e destinadas ao lectorado autónomo teñen moito que ver coa crítica social que se está a desenvolver no momento noutras literaturas, e así reflexiónase soterradamente sobre a busca de traballo na cidade e o abandono do campo con todos os problemas que isto conlevou e conleva, a pesar da adaptación da infancia e a sobrevivencia dos maiores; ou se apoia a convivencia entre todos os nenos do mundo, co fin de coñecerse mellor.

O único título que se publicou escrito orixinariamente en lingua galega foi *Polo mar van as sardiñas* (1967), de Xohana Torres Fernández (Santiago de

Compostela, 1931), conto no que un narrador omnisciente en terceira persoa trata de explicarlle a Pequeno Antón, un neno de aldea, cómo se pesca a sardiña por medio da técnica do cerco, facéndolle ver a dureza do traballo no mar. Con esta obra iniciouse a tendencia que podemos denominar de crítica social, pois, aínda que xa *Memorias dun neno labrego* exercía esa crítica, a obra non ía dirixida naquel momento a ese lectorado.

Estas coedicións animaron a Galaxia a afrontar unha colección infantil propia. Inaugurouse cunha escolma de contos de transmisión oral que viron agora por primeira vez unha edición en soporte apropiado ao lectorado infantil. Comezou esta colección coa presentación de textos que reproducen a tendencia máis privilexiada, até o momento, pola ditadura, dende a lingua castelá, unha das moitas mostras da presión ideolóxica que exercía sobre todo o que se escribía para a infancia. O volume inaugural foi *O lobo e o raposo* (1967), un conxunto de contos folclóricos recompilados polos nenos e nenas das escolas lucenses. Seguíronlle, *Don Gaiifar e o tesouro* (1970) e *Cousas de Xan e Pedro* (1971), nos que se recolleron contos e lendas relacionadas con tesouros, moi abundantes en Galicia, ou protagonizados por animais de gran tradición nesta contística. Mostras dunha tradición diferente á que se pretendeu inculcar a través do castelá, agora apostábase pola tradición máis próxima, máis identitaria.

156

Como fixo Cobas Brenlla²², dentro deste grupo podemos introducir tamén a obra firmada por Xoán Carlos Arias Castañón (Sarria, Lugo, 1963), *Carliños e o abó* (1971), unha colección de contos folclórico-humorísticos escritos por Valentín Arias (Vilerna, Lugo, 1934), pai do autor que asina a obra, un mestre preocupado por dotar de lecturas axeitadas aos escolares) no que recolle os contos que lle contou o seu fillo ao chegar dunhas vacacións de verán que pasara co seu avó; e *Cantarolas e contos prá xente miúda* (1975), de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda (Cuba, 1932).

Esta colección acolleu ademais a obra galardoada co primeiro premio da primeira convocatoria, 1968, do “Concurso Nacional de Contos Infantís en galego” “O Facho”. Un concurso que se configurou como un dos eixos da Literatura infantil galega, un dos elementos canonizadores, pois serviu de

²² *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*, Santiago de Compostela: Edición do autor, 1990.

incentivo para que un bo número de autores, provenientes a maioría da literatura institucionalizada, se animasen a escribir para a nenez. O concurso non puido comezar mellor, pois o gañador da primeira edición, que se resolveu o día 17 de maio de 1968 (data da concesión deste premio no futuro), foi Carlos Casares (Ourense, 1941 - Vigo, 2002) co conto titulado *A galiña azul*. Os demais participantes tamén se deran a coñecer naquel momento no suplemento dominical de *La Voz de Galicia*. O conto premiado, publicado con outros catro do autor co título de *A galiña azul*, é un conto innovador, un ataque á uniformidade e unha defensa do dereito á diferenza e á liberdade. Os outros, son breves relatos que transmiten dende a tenrura (en *O peixe da fonte do xardín*), até o relato abertamente fantástico e disparatado (en a *Bomba da felicidade*). Con este volume deuse inicio a un período literario diferente pois ademais de empregar nas narracións abundantes e variados recursos formais, unha linguaxe moi acorde co lectorado ao que ían dirixidas, introducíronse novos modelos sociais, anunciábase un cambio de valores e a necesidade de afondar na crítica social. Casares inaugurou así para a narrativa galega as tendencias fantástica e, sobre todo, a fantástico-realista, seguindo o exemplo de Carroll, de gran rendemento literario en todas as literaturas infantís por se achegar á psicoloxía das idades ás que se dirixían estas obras.

157

Neste Concurso foron galardoados outros autores que axudaron na conformación do sistema literario infantil e xuvenil galego, como foi o caso de Bernardino Graña Villar (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1932), que mereceu no 1969 o primeiro premio na segunda convocatoria do Concurso citado coa obra *O león e o paxaro rebelde*, publicado ese mesmo ano na colección que estamos a comentar. Un conto que, seguindo a tónica do momento, defende a liberdade do home sometido agora a un goberno autoritario e absoluto que non ten en conta as liberdades e os dereitos humanos. No Pimpín, paxaro ben pequeno de tamaño, simbolízase unha sociedade que ten que espertar, loitar polo seu, polos seus dereitos; unha sociedade que debe defenderse, aínda que os inimigos sexan poderosos, tan fortes coma o León, representante da forza, ferocidade e valentía. Son moitos os recursos lingüísticos empregados polo autor na construción deste relato para lle dar, por unha parte, naturalidade e para lle imprimir, por outra, un marcado marchamo literario: frases feitas, metáforas, pleonasmos e exclamacións son os máis destacados.

Nesta colección publicáronse outros títulos, algúns deles galardoados tamén no concurso citado, como foi o caso do *Espantapaxaros* (1972), de Xosé

Agrelo Hermo (Santa Cristina de Barro, Noia, 1937); *O bosque do ouriol* (1973), de Arcadio López Casanova (Lugo, 1942); *Miúdo e a compañía dos grilos* (1979), de Emilio de Gregorio Fernández (Santa Cristina de Campaña, Valga, Pontevedra, 1946).

Os textos desta colección complementáronse, ou apoiáronse en ilustracións realizadas polos nenos, recordando as teorías dos anos corenta da Escola Nova de Lowenfeld e Herbert Read nas que o protagonista era o neno e a produción infantil (xa textual xa gráfica) non podía ser interferida polo adulto. Aínda que esta teoría, a nivel europeo, decaera moi pronto e xa a finais dos anos sesenta era considerada unha metodoloxía pouco adecuada, en España se retomou coa Ley de Educación de 1970 que se baseaba fundamentalmente na autoexpresión infantil, aínda que desvirtuada a teoría orixinal que se dirixía máis cara á creatividade mentres que agora se interpreta como liberdade sen control, sen dirección cara á formación artística. Non toda a colección presentaba estas características, pois nela tamén atopamos técnicas fotográficas, colaxes, fragmentarismo, fotomontaxe moi na liña das vangardas. Era esta unha forma de ilustrar que pouco tiña que ver coa das obras que se ofreceran a partir das coedicións, onde se usaban ilustracións narrativas tendentes á lectura visual, imprescindíbel para a lectura total da obra.

158

As outras editoras que axudaron a Galaxia neste momento tamén deron a lume contos infantís que responderon de forma realista, fantástico-realista ou fantástica aos novos argumentos e temas da sociedade do momento, incorporaron todo tipo de personaxes e novas técnicas narrativas, con máis ou menos fortuna. O autor máis coñecido Xosé Neira Vilas (1928), publicou agora *O espantallo amigo* (1971), *O cabaliño de buxo* (1971), *A Marela Taravela* (1976), obras escritas pensando na infancia e que seguiron algún dos camiños abertos polo propio Neira Vilas e pola obra de Carlos Casares, *A galiña azul*, ilustrados por nenos, por X. Conde Corbal e Cristino Zarza, respectivamente. Neles preséntase unha clara crítica da sociedade do momento, sobre todo do sistema educativo.

Este camiño tamén foi seguido por autores e autoras que publicaron a súa primeira obra infantil neste momento, aínda que xa fosen coñecidos por outras actividades literarias. Foi este o caso de: María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941), que se incorpora a este sistema cun conto infantil titulado *Crarisca e o luceiro*, merecedor do segundo premio do

Concurso da Agrupación Cultural “O Facho”, 1972. O relato foi incluído no primeiro libro que publicou esta autora, *Mar adiante* (1973), subtítulo, na primeira edición, *Historias de nenos pra nenos*, un feixe de historias nas que se xoga con símbolos, mitos e referencias literarias, para favorecer a aprendizaxe en contacto coa natureza e a vida real, a defensa ecolóxica, o amor polos animais e así facer unha crítica da escola do momento que está a afogar á nenez.

Son máis os autores e autoras que achegaron algunha mostra neste momento seguindo as tendencias apuntadas, como foi o caso de: Dora Vázquez Iglesias (Ourense, 1913) con *Campo e mar aberto* (1975) ilustrada polos nenos da Agrupación escolar de Muxía, e Edelmira Cacheda (Bos Aires, 1912), con *Contos de nenos. Leaturas, poesías, escea de Nadal* (1975) e *Churruscadas. Contos e teatro* (1979), obras moi unidas ás formas e temas da literatura máis tradicional e costumista; ou Kristina Berg (Halmstad, Suecia, 1948) autora de *Dona Galicia* (1979), unha autobiografía.

Outros autores só publicaron nesta época un título e nunca máis escribiron para a infancia ou para a adolescencia. Son varios e escribiron contos infantís moi dispares cos que incidiron en todo o que achegaron ou conservaron as obras anteriores. Así, ao lado dos que retratan persoas do medio rural ao vello modo, atopamos outros que son alegatos en defensa da lingua e de todo o galego, e outros que seguen a liña da crítica social. Todos empregaron as técnicas xa practicadas anteriormente. Son eles: Laureano Prieto Rodríguez (Carracedo, A Gudiña, Ourense, 1907) autor esporádico que publicou *Contos pra nenos* (1968), un conxunto de sete relatos infantís, breves e sinxelos, nos que atopamos reis, princesas e animais característicos dos contos de transmisión oral infantil; Xosé Fariña Jamardo (Caldas de Reis, 1919) con *Co sorriso nos beizos* (1970); Octavio San Martín Domínguez con *Contos peneirados*, ilustrado polo padronés Manoel Beiro Buxán (1970); Guillermo Abeixón (A Coruña, 1949) con *Choio e o rei talento* (1971); Francisco Delgado Rodríguez (Soutelo, Esgos, Ourense, 1932) con *O neno mentirán e o lobo* (1973); Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes, 1916-O Grove, 1990) con *Non debían medrar* (1974); Ramiro Cartelle Álvarez (A Coruña, 1935), con *Coma nós* (1977) e Andrés Suárez Suárez (Golláns, Brión, 1943) con *O raposo careto* (1979).

Ademais dos contos infantís citados no derradeiro ano desta década publicouse un volume titulado *Contos do Facho* (1979) no que se recolleron moitos

dos premiados no Concurso nacional de contos infantís “O Facho”, e a primeira narración biográfica para celebrar o Ano Internacional do Neno. Debeuse esta ao Patronato Ramón Otero Pedrayo que publicou un relato autobiográfico novelado de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), *Historia dun neno*, acompañado de fotografías e debuxos de Mima. É esta unha obra na que este patriarca das letras galegas, a pesar de empregar a terceira persoa, conta as súas vivencias de neno, os medos, caprichos, pouco gusto pola escola, incompreensións dos sentimentos, problemas cos adultos, etc. Esta tendencia xa preocupara a Xosé F. Filgueira Valverde nos comezos do século, cando dende o Seminario de Estudos Galegos intentara promover biografías noveladas de autores importantes ou figuras relevantes do galeguismo para dar a coñecer o noso pasado e o noso presente máis inmediato.

160 En canto á poesía, neste momento agudízase a preocupación pola recollida de materiais líricos de transmisión oral aínda que só se publiquen nas revistas coa excepción da obra *Cantarolas e contos prá xente miúda* (1975), de Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, no que se recollen poemas infantís de Neira Vilas que xa saíran no semanario infantil *Axóuxere*, ao lado das narracións xa citadas. Debeuse esta recollida, fundamentalmente, aos mestres e mestras que estaban a participar activamente nos movementos de renovación pedagóxica, pois crían que estes materiais eran precisos para mostrar á nenez a identidade do seu pobo. A poesía de autor, enraizada, como vimos no período anterior coa lírica de transmisión oral, apareceu propiamente neste período, pois a única obra publicada con anterioridade estaba moi unida a esa lírica de transmisión oral. Pretendía esta poesía, aínda que non sempre o conseguiu, escapar do didactismo do libro de texto para xogar só coas figuras, as imaxes, o sentido das palabras, cunha forma moderna de ver o mundo. Foron poucos os títulos publicados ao non ter en conta poemas dirixidos a nenos e nenas que os poetas fixeron con motivo de nacementos, aniversarios, primeiras comunións, etc., e que aparecían en poemarios que non presentaban un deseño propio das coleccións infantís. É o caso, por exemplo, do poema de Ramón Cabanillas “O sábado na escola” (*O. C.*, Buenos Aires 1959, pp. 182 e ss.), ou obras que se sabe quedaron nos caixóns ben das editoras ben dos seus propios autores. Hoxe sabemos pola correspondencia entre Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro que L. Pimentel estaba a realizar un poemario para nenos²³.

²³ Francisco Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, 2000, p. 25.

Os primeiros poemarios de autor que transmiten as intencións apuntadas debéronse a: Manuel María (nome literario de Manuel María Fernández Teixeiro, Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004), que publicou *Os soños na gaiola* (1968), e a Pura Vázquez Iglesias (Ourense, 1918) con *Rondas de Norte e Sur* (1968).

Os soños na gaiola saíu á luz da man de Angel Gómez Camarón, un home que fora mestre e que agora dirixía Cartonajes Anni en Lugo, unha pequena empresa relacionada coas artes plásticas que veu axudar ao desenvolvemento da literatura infantil. Segundo o propio autor esta edición saíu chea de erros, e por iso foi obxecto dunha segunda na editorial Celta. Foi musicada por Suso Bahamonde. Un poemario no que Manuel María quixo recrear, por medio de estrofas sinxelas e un conxunto de figuras poéticas variadas o mundo que rodeaba a infancia do medio rural, e así fala do río, do arco da vella, do muíño, do carro, da fouce; das profesións e xogos; dos animais máis familiares, do seu país ou da constitución do planeta terra. Noutro poemario publicado por Manuel María neste período, *As rúas do vento ceibe (versos pra nenos)* (1972), incorporou a denuncia social e a vida urbana, ao mesmo tempo que unha visión política do país a partir dos seus personaxes e institucións.

161

Rondas de Norte e Sur, de Pura Vázquez céntrase máis no enlace coa tradición oral poetizando “O mundo animal”, “O mundo das cousas”, “A paisaxe”, “A noite, o berce, a cantiga” e “O mundo da ledicia”, con breves poemas que glosan a temática á que se alude en cada un dos apartados que o compoñen. Pura Vázquez deixounos outros títulos como *Oriolos neneiros* (1974), agora coa colaboración da súa irmá Dora Vázquez (Ourense, 1913).

Publicáronse outros poemarios debidos a: Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes, 1916-O Grove, 1990), que se estrea como poeta con *Un tempo de sol a sol (poemas do neno galego)*, 1972, unha protesta polo modo de vida da infancia no mundo rural aínda en 1969, época que poetiza; Edelmira Casheda, na obra xa citada inclúe poemas que representan a continuidade coa tradición e a unión coa lírica de transmisión oral en forma e contido; Abelardo Santorum (Cea, 1922-Seoane, O Carballiño, 1975) estréase con *Remol do estrelecer* (1970), un conxunto de poemas de Nadal.

En canto ao teatro, ao comezar o período os grupos teatrais galegos tiñan como principal problema a escaseza de textos. Pero a isto había que sumar a

escaseza de grupos que representasen as obras, pois os poucos que había só esporadicamente se dedicaban a facer montaxes para un público infantil. Neste período pouco máis había que os da Agrupación Cultural “O Facho” e o “Grupo Circo”.

A primeira obra publicada nesta etapa debeuse, de novo, a Manuel María, *Barriga verde* (1968), peza dramática na que se explica quen é Barriga Verde, a súa relación co demo e a historia dunha rapaza que quere casar. É unha obra homenaxe a Manuel Silvent creador de Barriga Verde e á súa familia, que percorrían coa súa barraca as feiras de Galicia. Nela criticábase as debilidades do amor, a idade dos matrimonios e a actitude do crego, que só se preocupaba de sacar proveito económico da situación.

162

Pero de novo é a Asociación Cultural “O Facho” a principal animadora do teatro infantil grazas á convocatoria a partir do ano 1973 do concurso bianual de teatro. Na primeira edición mereceu o galardón Carlos Casares, con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), obra que foi estreada polo Grupo Teatral “O Facho” o 27 de maio do ano 1973 en Ribadavia, na clausura da primeira mostra de teatro galego, promovida pola Agrupación Abrente. Este grupo teatral tamén representou a obra na Coruña, os días 2 e 9 de xuño do mesmo ano, e a Asociación Teatral “Os cigurros” fíxoo na localidade ourensá da Rúa, o día 6 de agosto. Foi unha obra moi ben acollida pola crítica e polo público do momento. O libro, que publicou a Editorial Galaxia, viña ilustrado cos bocetos dos figuríns e do decorado xeral que fixera para a obra Luís Seoane. Como dixo o propio autor, trátase dunha obra de teatro para nenos representada por xente maior. Nun só acto desenvólvese unha historia fantástica baseada nunha preciosa anécdota que ocorrera na horta da casa de Elías e Anxa²⁴.

A segunda convocatoria deste concurso (1975) gañouna Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) con *Viaxe ao país de ningures* (1977), unha obra ecoloxista que denuncia a contaminación que a sociedade industrial provoca nas vilas e cidades. Ponse en escena a fábula da desfeita dunha cidade, Ningures, pola contaminación e os excesos industriais, e a construción, por parte dos nenos, dunha nova cidade, Beiramar, coa que se pretende escapar dos elementos destrutores.

²⁴ Blanca-Ana Roig Rechou, Carlos Casares. *As laranxas*, Op. cit.

Axudaron a esta difusión e asentamento do teatro infantil e da literatura dramática, Dora Vázquez, con obras como *Tres cadros de teatro* (1973), tres pezas breves que presentan parcelas da alma galega, ou con *Monicreques* (1974), en colaboración coa súa irmá Pura Vázquez. Estas autoras tamén axudaron á creación dun teatro escolar, para ser representado polos nenos e nenas nos centros escolares, actividade moi de moda no momento. Debemos tamén falar de Edelmira Casheda e da súa obra, xa citada, *Churruscadas. Contos e teatro* (1979), na que tamén atopamos pezas teatrais para ser representadas polos nenos das escolas, e de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) que incorporou pezas dramáticas nos libros de texto e publicou en 1978, *Teatro todo o ano*, unha peza na que se poñen en escena diferentes festas do ano e das estacións.

Houbo máis obras concebidas para un público infantil pero non foron publicadas aínda que si representadas. Foi este o caso de *O roubo do aparello*, de E. Ruibal; *A tola xuiciosa*, de Manolo Quiroga, e o *Romance de Micomicón e Adbelala*, de Blanco Amor. Neste ámbito Xosé Agrelo desempeñou un papel moi importante na creación de grupos teatrais: Candea, de Noia, Agrocobo e Xestruxo, en Esteiro. Con estes grupos estreou moitas obras da súa autoría, adaptacións doutros autores e mesmo proxectos creadores de grupo.

Para rematar, debemos facer referencia a outra variedade de teatro infantil, é dicir, ao teatro feito por e para nenos e nenas. Nun primeiro momento, este tipo de teatro consistía en representacións esporádicas ofrecidas nunha data sinalada na que os escolares repetían un texto, xeralmente adaptado e memorizado, que nada tiña que ver co teatro. Pero pouco e pouco foise facendo un novo teatro que naceu nas propias escolas, onde os escolares se foron iniciando en técnicas de expresión corporal e dramatización como materias de estudo. Unha das primeiras experiencias deste modo de facer teatro xurdiu, entre os anos 1969 e 1971, nas Escolas Nieto, de Vigo, onde se creou un grupo teatral que representou primeiramente ao estilo clásico pero pronto (1970) puxo en escena a obra de Manuel María, *Barriga verde* (1968), con novas técnicas e moitos éxitos. No ano 1973 naceu o grupo Atlas nas escolas Nieto da Coruña, dirixido por Manuel Lourenzo, e en Vigo o grupo Martín Codax. A partir deste momento, xorden novas iniciativas.

Un novo xénero, o cómic, que xa aparecera, unido ás revistas infantís, a finais do século XIX en Estados Unidos, comezou a súa andaina en Galicia

neste momento. Con anterioridade podemos referirnos a algunha historieta ou banda deseñada publicada en revistas especializadas, máis ou menos artesanais, non dirixidas ao público infantil, como foi o caso de *A cova das choias* (primeira revista galega de cómics, promovida por Isaac Díaz Pardo, polos seus fillos Xosé e Rosendo, Xesús Campos e Luís Caparrós Esperante, que, xuntos, constituíron o Grupo O Castro), *Valiundiez*, *A ameixa cacofónica*, *Tintimán*, etc., pero non dirixidas a un público infantil. Pero, como xa dixeron os coordinadores do libro *O cómic en Galicia*²⁵, os debuxantes de bandas deseñadas tiveron os seus antecedentes en debuxantes de xornais e autores de “cartelóns de cego”, como Castelao, Dieste, Maside ou Díaz Pardo: “O marqués de Sargadelos”, “A nave espacial”, “Paco Pixiña”, “O crime de Londres” e “Castelao” son bos exemplos.

No ano 1975 apareceu o primeiro cómic infantil, da man de Raimundo Patiño (A Coruña, 1936-1985) e Xaquín Marín Formoso (Ferrol, 1943), *Dous viaxes*. Non se trata dunha historieta infantil ao estilo das que se comezaban a traducir por estes anos (como *Asterix*, por exemplo, que traduciu Juan Blanco Amor), pero xa é un avance e permite que en 1978 Xaquín Marín publique o primeiro cómic galego con intención clara de chegar ao público máis novo: *Gaspariño* (1978), onde se recollen as bandas deseñadas que o autor publicara a finais de 1974 en *El Ideal Gallego*.

Tamén neste período comezáronse a ofrecer traducións ou versións de obras escritas orixinariamente noutras linguas, pero como vimos as primeiras foron coedicións debido á febleza da industria editorial galega, polo tanto o que se traducía eran obras contemporáneas por medio dos consorcios editoriais, que permitían publicar case a un tempo as obras nas distintas linguas de España. Tamén autotraducións, como foi o caso da mestra Emilia Estévez Villaverde (Ponteareas, 1921) que publicou en 1979, *As travesuras de Filípiño*, primeiro en castelán e logo en galego, unha obra moi apegada a estruturas e temática decimonónica. Non debemos deixar de citar, polo que teñen de antecedente e dado que seguen a tendencia fabulística xa comezada no século XIX, as *Fábulas galegas para nenos e grandes* (1960), de Xosé Rubinos Ramos (1889-1963) e *Unha ducia de fábulas*, de Alexandro Castro Morgadas, obras nas que se puxeron en galego textos fabulísticos de Esopo, La Fontaine, Iriarte e Concepción Arenal.

²⁵ Xosé Luís Axeitos e X. Seoane, *O cómic en Galicia*, A Coruña: Deputación da Coruña, 1993.

Pero o máis salientábel neste ámbito foi a publicación do primeiro clásico da literatura infantil e xuvenil, *O principião* (1972), de Antoine de Saint Exupéry, traducida por Carlos Casares, e tamén as debidas a René Goscinny e a súa serie *Asterix*, traducida por Juan Blanco-Amor; os álbums infantís *Ona e Ori un día na escola* (1978) ou *Os animais con Scarry* (1978); a serie de dez volumes “Eu son...”, de M. A. Pacheco e J.L. García Sánchez, traducida por Salvador García Bodaño e Carlos Casares e a primeira obra escolar divulgativa: *A grande travesía*. Estas traducións non foron froito dunha política educativo-formativa cara a dar a coñecer obras que se convertesen en referencia indispensable, privando á nenez e mocidade galega de coñecelas na súa lingua e polo tanto non deixando que o circuíto comunicativo interliterario se dese, pois como dixo Harold Bloom en *Relatos e poemas para nenos extremadamente intelixentes de todas as idades*²⁶, se desexamos chegar a Shakespeare e a Chéjov, estaremos máis preparados se antes lemos a Lewis Carroll, a Robert Louis Stevenson e a Rudyard Kipling, acenando que hai diferentes lecturas segundo as idades. De todos os xeitos, as traducións realizadas permitiron encher algúns dos moitos baleiros.

Como vimos a produción aumentou considerabelmente. Contamos agora con setenta e seis obras: vinteseis de narrativa, sete de poesía, sete de teatro, seis de transmisión oral, dous cómics e vinte e oito traducións.

165

En canto á investigación e crítica, é de salientar a publicación no 1968 da primeira sistematización da produción infantil e xuvenil galega. Tratouse dun breve capítulo, inserido nun volume dedicado a explicar cómo se desenvolveron as literaturas infantís de varios países, *Tres siglos de literatura infantil*, de Bettina Hürlimann²⁷, e no que despois de facer un percorrido polos títulos publicados, o seu autor, Ramón Piñeiro, un dos fundadores de Galaxia, dicía que no ano 1967 se inicia a publicación sistemática da literatura infantil en lingua galega, que sen dúbida se continuará e incrementará nos anos vindeiros. Agás este traballo e unhas breves referencias no *Teatro galego* de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Mayor²⁸ só foron acollidas pola crítica, con

²⁶ Barcelona: Ed. Anagrama 2003. Unha antoloxía publicada en inglés en 2001 e que agora recolle diferentes traducións de textos ao castelán e engade unha brevísima introdución a este canon da literatura infantil e xuvenil en lingua inglesa.

²⁷ *Tres siglos de literatura infantil europea*, Barcelona: Juventud.

²⁸ Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1979.

recensións e descricións nas revistas que se publicaban no momento e tamén nos xornais galegos de máis tirada, as obras ambivalentes e os materiais de transmisión oral, pero non dedicaron case espazo á produción infantil e xuvenil, aínda que as obras publicadas xa o merecían nese momento, a pesar de que algúns dos escritores que optaron por esta literatura eran coñecidos por outras producións. O mesmo ocorreu nas Historias literarias.

Finalmente temos que dicir que polos poucos comentarios descritivos que se inseriron nas revistas, máis polo que ocultan que polo que din, e pola lectura das obras publicadas conséntase: disparidade formal e temática, dende o costumismo á crítica social con clara intención de potenciar un tipo de valores que se consideraban necesarios dende un punto de vista identitario e de ruptura de estereotipos; didactismo, apego ás formas de transmisión oral, e tamén renovación ao xeito da produción das literaturas máis próximas. Incorporáronse ao corpus infantil e xuvenil obras ambivalentes, e novos xéneros como o cómic, o álbum infantil ou contos e poesías narrados en disco. Publicáronse as primeiras obras que se converteron en referencias imprescindíbeis: *A galiña azul*, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, *Mar adiante*, *Os soños na gaiola*, por citar algunhas das que pouco e pouco ocuparon o centro do sistema e polo tanto son modelos intertextuais dende este período ao actual.

166

Pero tamén hai que constatar feblezas, entre as que é de salientar a falta dunha política de edición e tradución pensada nas necesidades cara a unha formación e animación lectora dos destinatarios e dos poucos receptores, máis adultos ca infantís e xuvenís, necesarios para a consolidación do sistema, e a pouco produción en xeral pero sobre todo en poesía e literatura dramática.

De 1980 a 1995

A partir de 1980 e até 1995 deuse a consolidación da literatura infantil e xuvenil debido á escolarización en lingua galega, a que aumentou o número de receptores posíbeis, a que a mediación funcionou dende todos, ou case todos os seus axentes, a que a produción aumentou considerabelmente nos diferentes xéneros, con novos temas que se presentaban de forma diferente. Tomou forza a literatura que chamamos de fronteiras, é dicir a dirixida á mocidade en coleccións con paratextos que miran especialmente a eses receptores, difuminando a fronteira entre a literatura infantil e xuvenil e a institucionalizada ou de adultos.

De 1995 á actualidade podemos falar de innovación e eclosión debido, sobre todo, a que aos axentes mediadores se uniu a web e a que xurdiron iniciativas investigadoras que fixeron máis visíbel esta literatura que agora presenta cambios formais e temáticos tendentes, en moitas ocasións, a remarcar a identidade como unha resposta, consciente ou inconsciente, ao mundo globalizador que invade a sociedade do momento e non para illarse senón para convivir na diferenza. Tamén é este o momento da creación do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) con afán de dar a coñecer os materiais educativos máis salientábeis, favorecendo a observación do uso da literatura infantil e xuvenil dende o punto de vista pedagóxico.

Blanca-Ana Roig Rechou
Universidade de Santiago de Compostela